

NORMAS DE USO LOCAL DOS NOVÁS DO CONCELLO DE MUGARDOS

ARTIGO 1. OBXECTO

As presentes normas teñen por obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material do local de ensaio dos Novás.

O local de ensaio dos Novás ten como obxectivo facilitar un espazo para o ensaio musical dos mozos e mozas do Concello. O equipamento poderá acoller outras iniciativas de carácter musical como presentacións, gravacións, etc. Previa autorización da Comisión que teña competencias en Mocidade.

ARTIGO 2. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTO

O local de ensaio dos Novás está ubicado na Pedreira e conta cunha superficie de 127,67 m2. Os locais contan con dúas salas, destinadas a ensaio e catro almacéns. As salas contan co equipamento que se relaciona no anexo I.

ARTIGO 3. HORARIO

O horario do local de ensaio dos Novás é o seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO	DOMINGO- FESTIVOS
HORARIO	10:00- 22:00	10:00- 22:00	10:00- 22:00	10:00- 22:00	10:00- 22:00	9:00- 23:00	9:00-22:00
	Vésperas de festivos: 9:00-23:00						

*Puntualmente este horario podera variarse previo criterio da Comisión de valoración e seguimento.

ARTIGO 4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Poderán presentar solicitudes para o uso dos citados locais, aquelas persoas que, en representación dun colectivo musical, con membros empadroados no Concello de Mugardos precisen dun local para realizar os seus ensaios.

As solicitudes faranse en instancia formalizada (Anexo II) a recoller na Oficina municipal de Información Xuvenil (OMIX) avda. de Galicia, núm. 45 15620 Mugardos (A Coruña), ou ben por descarga na páxina web do Concello de Mugardos: www.concellodemugardos.com. As solicitudes presentaranse na citada oficina (OMIX) ou ben, presentación telemática, con sinatura dixital, no enderezo electrónico omix@mugardos.dicoruna.es.

As solicitudes de menores de 18 anos deberán vir acompañadas da correspondente autorización da/o nai/pai titor/ra figurando para o Concello coma responsábeis ante calquera incidencia no posterior uso das instalacións.

ARTIGO 5. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E CRITERIOS DE AUTORIZACIÓN DE USO

Para a valoración das solicitudes e o seguimento do local crearase unha comisión formada pola/o Presidenta/e, ou persoa en quen delegue, e un/unha concelleira/o da Comisión de Mocidade e un/unha representante dos grupos musicais. As/os integrantes da Comisión de valoración e seguimento, a excepción da/o Presidenta/e, renovaranse anualmente cun criterio rotativo. Na Comisión de Cultura darase conta da xestión de altas, baixas e incidencias que se produzan.

CRITERIOS DE VALORACIÓN:

- a) O equipamento acollerá preferentemente aos grupos do Concello de Mugardos (considéranse grupos do Concello de Mugardos, aos que a partir do 75% dos/as seus compoñentes están empadroados/as ou residan en Mugardos).
- b) Priorizaranse as solicitudes de reserva mensual a partir de 8 horas de equipamento (2 horas á semana).
- c) Valorarase de forma positiva aos grupos musicais con media de idade inferior aos 30 anos. A Comisión de valoración e seguimento revisará trimestralmente os horarios e, en caso de ser necesario, reestructurará o calendario en función das novas solicitudes e dos horarios dispoñíbeis. En caso de coincidencia horaria nas solicitudes procurarase o acordo entre os grupos implicados plantexando quendas rotativas. A citada Comisión será a encargada de dilucidar os conflitos que poiderán xurdir sobre a dispoñibilidade do local. Na OMIX entregarase á persoa solicitante unha autorización do uso das instalacións indicadas, na que figurará o nome do solicitante, o seu número de documento de identidade, relación de membros que compoñen o grupo, días e horas nas que está autorizado ao uso dos locais e a sala a utilizar. Na citada autorización figura que o Concello non se fai responsable do material depositado polos grupos nos almacéns. Anexa a autorización figurará copia das normas de uso do local .

ARTIGO 6. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

- a) Para ter acceso ás instalacións no horario establecido, farase entrega á persoa representante do grupo dun xogo de chaves e dunha crave persoal de desactivación da alarma do local. Cada representante disporá dunha crave diferente de desactivación quedando rexistrados os diferentes accesos que se produzan. É obriga de cada representante a custodia das chaves e a non transmisión da clave de acceso. De producirse algún incidente, fora dos horarios asignados, será responsabilidade absoluta do representante do grupo que teña a crave empregada.
- b) A primeira visita ás instalacións será realizada coa supervisión da/o Concelleira/o de Mocidade.
- c) Antes do inicio de cada sesión de ensaio e ao seu remate comprobarase o estado do local e do material, notificando calquera desperfecto ou incidencia mediante un parte de incidencias. O parte debidamente cuberto será entregado no Concello e a Policía Local, a maior brevidade posíbel.
- d) O Concello de Mugardos faise cargo dunha limpeza periódica das instalacións, así como do mantemento técnico dos materiais.
- e) Só poderán acceder ao local os/as membros dos grupos autorizados, prohibíndose o acceso a persoas alleas. Con carácter puntual e previa notificación e xustificación autorizarase ou non o acceso doutras persoas pola Comisión de valoración e seguimento.
- f) Queda terminantemente prohibido o acceso ao local fora dos horarios autorizados.

ARTIGO 7. OBRIGAS DOS USUARIOS DOS LOCAIS

O/A usuario/a ten as seguintes obrigas:

- a) Respetar os horarios e salas asignados.
- b) Cubrir o parte de asistencia e, no caso de ser necesario, o de incidencias.
- c) Cada solicitante é responsable da limpeza básica das instalacións que se lle autorice usar, debendo deixar os locais nas mesmas condicións de limpeza nas que estaba á súa chegada retirando os residuos xerados. Non se permite fumar, consumir bebidas alcohólicas ou comer no local de ensaio dos Novás.
- d) En caso de non utilizar o local en catro ocasións consecutivas ou en seis trimestrais, sen xustificación, procederase á baixa do uso de este equipamento.
- e) Unha vez rematado o ensaio, o local e o material debe quedar recollido para o seu uso polo seguinte grupo. Prégase que se extreme o coidado na manipulación do material e do cabreado, quedando todo desconectado da rede eléctrica. Non se permitira o traslado do material dunha sala a outra.
- f) No caso de producirse danos por negligencia ou mala fe, o grupo, de que se trata a través do seu representante, deberá repoñer integramente o danado ou aboar o importe íntegro da súa reposición.
- g) Asistir ás xuntanzas de coordinación e de seguimento periódico que se convoquen dende a Concellaría de Mocidade.
- h) Se o Concello o considera oportuno, podera promover a actuación gratuita dun ou varios grupos, usuarios do local de ensaio dos Novás.

ARTIGO 8. INCUMPRIMENTOS

O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento darán lugar á perda do dereito ao uso e disfrute das instalacións e materiais indicados nos artigos anteriores durante un período dun ano. Sen prexuízo das responsabilidades a que dea lugar a normativa vixente. A responsabilidade polo incumprimento destas normas de uso será solidaria, polo que se algún/ algunha integrante dun grupo as incumpre dará lugar á perda do dereito e disfrute do local de todo o grupo e para calquera outro do que forme parte.

ARTIGO 9. PUBLICIDADE E DIFUSIÓN

Este regulamento será exposto no local de ensaio dos Novás, así como no taboleiro de anuncios do Concello. O que se fai público para xeral coñecemento e efectos, poñendo de manifesto que contra o citado Regulamento poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo a partir da súa publicación, nos termos expresados na lexislación reguladora da dita xurisdición.

Este regulamento entrará en vigor unha vez que se cumpran os requisitos que prevé o artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó de publicación deste anuncio.

ANEXO I

EQUIPAMENTO

LOCAL DE ENSAIO DOS NOVÁS (MUGARDOS)

As salas contan co seguinte equipamento:

- 1 Mesa retroproy: 130,56€
- 1 Botiquín primeiros auxilios: 44,94€

- 5 Estanteria 4 modulos 5 estantes: 146,21€/unidade: 731,05€
- 2 Mesas modulares: 210,05€/unidade: 420,1€
- 10 Sillas de reunión plegables: 42,71€/unidade: 427,1€
- 1 Conxunto de recepción: 1.204,63€
- 2 Baterias: (Unha de cor viño e outra de cor amarelo) ("pulgadas): 1.228,23€/unidade: 2.456,46€
 - o Marca: PREMIER
 - o Modelo: Cabria XPK
 - o Compoñentes das baterias: 1 bombo de 20", 2 timbales aereos de 10" e 12", 1 timbal base de 14", 1 caixa de 14", 2 pes de plato, 1 pe charles, 1 pe de caixa, e 1 pedal de bombo.
 - o
- 2 Amplificadores de baixo 1000W: 610,12€/unidade: 1.220,24€
 - o Marca: FENDER
 - o Modelo: RUMBLE 100
 - o Nº de Serie:
 - IA06K, 14200
 - IA06K, 14397
- 1 Amplificador de voz: (equipo de voz): 350,08€
 - o 1 central de mezclas
 - Marca: BCT
 - Modelo: MM1802DA
 - o 2 pantallas:
 - Marca: YAMAHA
 - Modelo: S115V
 - Nº de Serie:
 - 11882034
 - 11882025
- 2 Amplificadores de guitarra: 690,12€: 1.380,24€
 - o Marca: PEAVEY
 - o Modelo: VALVEKING VK-112
 - o Nº de Serie:
 - K0383832
 - K0383833
- 4 Tomas para altavoz: 13,44€/unidade: 26,88€
- 1 Xiradiscos: 320,05€
- 9 Microfonos: 50,01€/unidade: 450,09€
 - o Marca: BEHRINGER

ANEXO II

SOLICITUDE DE USO DO LOCAL DE ENSAIO DOS NOVÁS (MUGARDOS)

NOME DO GRUPO:

Apelidos e nome do solicitante:

DNI

Apelidos e nome do representante:

DNI

Enderezo:

CP e localidade:

Teléfono fixo:

Teléfono móbil:

Enderezo electrónico:

Solicita o uso das instalacións e do equipamento do local de ensaio dos Novás, facéndose responsable en representación do grupo citado da conservación das instalacións e materiais, así como dos danos que se produzan no mesmo, de acordo doas normas de uso deste servizo aprobadas polo Concello de Mugardos.

Mugardos, de de 200...

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

DATOS DO GRUPO:

Apellidos, nome e número de documento de identidade de contacto dos/as membros do grupo:

APELIDOS E NOME

LOCALIDADE

NÚM. DNI

Estilo musical:

☐Pop ☐Folk ☐Rock ☐Rap ☐Outros

Días de uso preferente:

Horas de uso preferente:

Equipamento que van a levar:

Nesitan almacén:

* O Concello de Mugardos só autoriza o uso dos almacéns para almacenaxe de equipamento musical non responsabilizándose do alí depositado.

De conformidade co disposto na LO 15/1999 de Datos Carácter persoal, informamoslle que os datos de carácter persoal recollidos neste documento forman parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Mugardos, cuia finalidade é a xestión dos seus datos para o correcto funcionamento da mesma. Vde. poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación u oposición, según o disposto na lei, ponde en contacto co Dpto. de Dereitos ARCO no enderezo Avda. de Galicia, núm. 45 15620 Mugardos.

ANEXO III

Mugardos, de de 200...

Autorízase ao uso das intalacións correspondentes ao local de ensaio dos Novás a:

-
-
-
-

todos eles pertencentes ao grupo

A presente autorización ten unha vixencia dun ano; pasado este tempo, os/as membros do grupo deberán renovar a mesma na Oficina municipal de Información Xuvenil (OMIX) situada en Avda. de Galicia, núm. 45 15620 Mugardos (A Coruña).

Asdo.:

* O Concello de Mugardos só autoriza o uso dos almacéns para almacenaxe de equipamento musical non responsabilizándose do alí depositado.

ANEXO IV

PARTE DE INCIDENCIAS

LOCAL DE ENSAIO DOS NOVÁS (MUGARDOS)

Apelidos e nome:

Nome do grupo:

Descrición da incidencia:

Mugardos, de de 200...

Asdo.: